

MARY QUINTERO

ASI OS VIU



a súa cámara



CONCELLO DE VIGO

CONCELLERIA DE CULTURA,
EDUCACION E MULLER

DO 18 DE DECEMBRO
Ó 28 DE XANEIRO DE 1996

CASA DAS ARTES - POLICARPO SANZ, 15 - VIGO



endo aínda moi nova, case unha nena, Mary Quintero dedícase ó estudio da pintura, arte que, a pesar de que co paso do tempo a súa vida profesional se decantará pola fotografía, vaille deixar de forma indeleble unha profunda pegada, como é a súa paixón pola harmonía na composición, a combinación das cores e a incansable busca da maxia da luz.

Moi pronto realizará as súas primeiras exposicións, tras as que virán longos anos de dedicación, estudio e divulgación do apaixonante mundo da fotografía, mundo no que, como muller, foi pionera.

Traballadora incansable foi e é testemuña dos cambios xeracionais e estéticos que transformaron a nosa cidade, pero non se limitou a reflectilos na súa obra, se non que participou activamente e incluso anticipouse a eles.

Por diante do seu obxectivo foi pasando esa inxente multitude de rostros que configuran o noso medio, contorno cotián. Dende os personaxes públicos ata aqueles anónimos, pero familiares, veciños que son os que, en definitiva, constitúen a historia viva dun pobo, plasmada como por eses grandes pintores que cunhas simples pinceladas sobre un lenzo achegannos moito máis a unha época, a un momento, que todos os libros de historia.

O que traemos hoxe aquí intenta precisamente ser iso, unha mostra, unha das moitas posibles, da visión que ela ten da nosa xente, de nós mesmos, dende a esperanzada expresión dun neno ata a sosegada mirada, preñada de tantas e tantas historias, dun ancián.

Esta é en definitiva unha breve representación do traballo dunha muller que conseguiu ser profeta na súa terra e indiscutida mestra fóra dela.

X. Carlos Alvarez Quintero

Entre as numerosas mencións e premios que Mary Quintero conseguiu, son de destacar:

- HOMENAXE na Coruña dos fotógrafos galegos. 1981
- GRANADA DE OURO da Asociación Profesional Andaluza, en 1981
- MEDALLA MERIXEL do Principado de Andorra. 1984
- PREMIO Kodak á noiva do ano. 1986
- PREMIO NACIONAL 1989, polo seu libro "Álbum de entroido"
- FOTOGRAFA DO ANO 1990. Enquisa fotógrafos españois.
- REPRESENTACION DE ESPAÑA en Moscova a petición da Oficina Cultural Soviética. 1991

Así mesmo foi requirida como conferenciante ou xurado en gran cantidade de congresos, tantos estatáis como internacionais (Portugal, Francia, Venezuela, México...). No ano 1993 é nomeada xurado internacional para a selección dun libro publicado pola Asociación de Fotógrafos de Colombia.



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERIA DE CULTURA,
EDUCACION E MULLER

CASA DAS ARTES
POLICARPO SANZ, 15 - VIGO